

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE AGOSTO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaoito de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 11 de agosto de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para segregación dun predio matriz con fronte á rúa Serra dos Ancares, número 19, e cunha superficie de 310,39 m², en dúas parcelas; e para modificacións na licenza de obras número 721/06, para a edificación sita na rúa Serra dos Ancares, número 19.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto, e a apertura do procedemento de adxudicación, para a contratación do servizo de atención telefónica ós cidadáns (010) no Concello de Lugo.

Acórdase adxudicar provisionalmente a contratación do servizo para a redacción do proxecto de reurbanización e renovación de servizos na N-VI, travesía de Nadela.

ACTAS E GOBERNO

LRP/mbfc

Ref#: 180810_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-8-2010

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas, así como a adxudicación polo procedemento aberto, e a apertura do procedemento de licitación, para a contratación da explotación da cafetería anexa ó complexo deportivo da piscina municipal de FRIGSA.

Acórdase adxudicar provisionalmente a contratación dun programa de formación de madeira, enmarcado no proxecto Urban co cofinanciamento do 70% da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (Proxecto 10 UR 2101 URBAN Formación Ocupacional Rehabilitación).

Tamén se acorda a elevación a definitiva da adxudicación provisional para a adquisición de baixo e espazo libre para executar a remodelación da praza do Cantiño e a súa conexión co paseo da muralla (Proxecto 09RU3103).

Lugo, 18 de agosto de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García